

**ARTES ESCÉNICAS**

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas.** / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde más preguntas de las permitidas, **solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.***

**PREGUNTA 1.** Desenvolva un dos dous temas seguintes. / *Desarrolle uno de los dos temas siguientes:*

**1.1.** O teatro romano. Características e autores principais. / *El teatro romano. Características y autores principales. (5 puntos)*

**1.2.** O teatro renacentista. Características e autores principais. / *El teatro renacentista. Características y autores principales. (5 puntos)*

**PREGUNTA 2.** Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que segue, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. / *Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)*

*Entra MERRIMAN con una tarjeta sobre una bandeja.*

MERRIMAN. El señor Ernesto Worthing acaba de llegar de la estación. Trae consigo el equipaje.

CECILIA. (*Cogiendo la tarjeta y leyéndola.*) <<Señor Ernesto Worthing, Albano, B cuatro>> ¡El hermano de tío Juan! ¿Le ha dicho usted que el señor estaba en Londres?

MERRIMAN. Sí, señorita. Y ha parecido muy contrariado. Le dije entonces que usted y la señorita Prism estaban en el jardín, y ha contestado que tenía mucho interés en hablar a solas con usted un momento.

CECILIA. Dígale usted al señor Ernesto Worthing que pase aquí. Y me parece que no estaría de más que encargase al ama de llaves que fuesen preparando el cuarto.

MERRIMAN. Se hará lo que manda la señorita. (*Sale.*)

CECILIA. ¡Ay! Todavía no ha conocido a ningún mal sujeto de veras. Casi me siento asustada. ¿Y si se parece a todos los demás hombres? (*Entra ARCHIBALDO muy resuelto y satisfecho.*) ¡Y se parece!

ARCHIBALDO. (*Descubriéndose.*) Usted es mi primita Cecilia, si no me equivoco.

CECILIA. Sufre usted un extraño error. No tengo nada de primita. De hecho, creo que estoy bastante crecida para mi edad. (*ARCHIBALDO parece desconcertado.*) Pero sí, soy su prima Cecilia. Usted, ya he visto por su tarjeta, es el hermano de mi tío Juan, mi primo Ernesto, el perdido de mi primo Ernesto.

ARCHIBALDO. ¿Perdido yo? No, no, prima Cecilia. No vaya usted a pensar que yo soy un perdido.

CECILIA. Pues si no lo es, nos ha estado usted engañando a todos del modo más imperdonable. Supongo que no habrá usted llevado una doble existencia, echándoselas de perdido y siendo luego una persona decente, ¿eh? Eso sería una hipocresía.

ARCHIBALDO. (*Mirándola estupefacto.*) ¡Caramba, caramba!... Sí, la verdad es que he sido un poco imprudente.

CECILIA. Celebro saberlo.

ARCHIBALDO. Sí; ahora que me hace usted pensar en ello, comprendo que he sido una pequeña calamidad.

CECILIA. No creo que sea un motivo para envanecerse; aunque, seguramente, debió de ser muy agradable para usted.

ARCHIBALDO. Mucho más agradable es estar aquí con usted.

CECILIA. Lo que no comprendo es por qué está usted aquí. El tío Juan no estará de regreso hasta el lunes por la tarde.

ARCHIBALDO. ¡Qué contrariedad! Precisamente tengo que irme en el primer tren de la mañana del lunes. Tengo una cita de negocios que estoy deseando... perderme.

CECILIA. ¿Y no podría usted perderla en otro sitio que en Londres?

ARCHIBALDO. No; la cita es en Londres.

**PREGUNTA 3.** Desenvolva un dos dous temas seguintes. / *Desarrolle uno de los dos temas siguientes:*

**3.1.** O circo como espectáculo escénico. Características principais. / *El circo como espectáculo escénico. Características principales. (5 puntos)*

**3.2.** Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo. / *Diseño de un espectáculo: equipos, fases y áreas de trabajo. (5 puntos)*

**PREGUNTA 4.** Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que segue, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. / *Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)*

*Na metade da fala ROSA chegou á porta traendo nas mans un fatiño de cartas envoltas nun pano. Queda pola parte de fóra, onde segue con atención desconcertada o discurso exaltado de DON EDUARDO, até que, finalmente, decide petar.*

DON EDUARDO: Que pasa aí?

ROSA: Son eu, don Aduardo.

DON EDUARDO: E que fas?

ROSA: Petar.

DON EDUARDO: Por que?

ROSA: Porque mo mandou vostede. Podo entrar?

DON EDUARDO: Podes, ho.

ROSA: (*Logo de entrar.*) E ló con quen falaba?

DON EDUARDO: Con quen había de falar? Con ninguén.

ROSA: Xa... xa, claro. Non, se eu tamén o fago.

DON EDUARDO: O que?

ROSA: Falar soa. E non sabe o que me presta! A ver, non é que fale soa, que tola non estou, falo comigo. Ou con alguén que non está, pero que está. Quero decir, que o teño eu no meu maxín. E ás veces mesmo me contesta.

DON EDUARDO: Pero que dis?

ROSA: Nada, nada. (*Abrindo o atado.*) Que aquí lla traio.

DON EDUARDO: O que?

ROSA: A carta.

DON EDUARDO: Que carta?

ROSA: Don Aduardo!

DON EDUARDO: Ah, si, si. (*Bótalle unha ollada avesa a EDUARDO e colle a carta que ROSA lle ofrece.*) A ver, daquela.

ROSA: (*Dálle unha das cartas.*) É esta.

*DON EDUARDO colle a lupa e, buscando mellor luz, achégase á xanela.*

ROSA: E faille falta iso?

DON EDUARDO: Fai ho, fai.

ROSA: Pois eses papeis ben que os le.

DON EDUARDO: Porque son cousas miñas. Pero a letra doutros...

*DON EDUARDO bótalle unha ollada á primeira cara do papel, despois á outra e aí topa con algo que lle chama notoriamente a atención, é un poema que comezará a ler pero que, emocionado, acabará recitando de memoria.*

Fragmento de *Fillos do sol*, de Cándido Pazó.

Curso 2021-22 - Criterios de avaliación  
Artes Escénicas (código 51)

Valorarase situar correctamente a obra obxecto de análise no seu contexto histórico e literario e o dominio das artes escénicas, tanto no aspecto teórico como no deseño da posta en escena do fragmento de texto que se facilita no exame. Neste apartado terase en conta o coñecemento das particularidades das distintas fases necesarias para a montaxe dunha obra. É importante que o alumno saiba identificar, describir e analizar con rigor os diferentes elementos que integran o proceso necesario para a materialización dun espectáculo. Amáis terase en conta a capacidade de argumentación, a coherencia discursiva do relato e a creatividade nos plantexamentos que se fagan á hora de trasladar o texto á escena.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2022

Asdo.: Xosé Soengas Pérez  
Director do Grupo de Traballo

## ARTES ESCÉNICAS

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas.** / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde más preguntas de las permitidas, solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.*

**PREGUNTA 1. Desenvolva un dos dous temas seguintes / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:**

**1.1. O teatro no século XX / El teatro en el siglo XX. (5 puntos)**

**1.2. O teatro clásico. Características e autores principais / El teatro clásico. Características y autores principales. (5 puntos)**

**PREGUNTA 2. Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se presenta, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo / Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)**

*Un saloncito en casa de ARCHIBALDO, en Half-Moon Street, Londres, en la actualidad. El saloncito está amueblado lujosa y artísticamente. Óyese un piano dentro.*

LANE, arreglando todo para el té en una mesita y, después que cesa la música, entra ARCHIBALDO.

ARCHIBALDO. ¿Oíste lo que estaba tocando, Lane?

LANE. No me pareció correcto escuchar, señorito.

ARCHIBALDO. Lo siento por ti. No es que yo tenga mucha ejecución, no —esto está al alcance de todo el mundo—; pero, en cambio, toco con una expresión... Sí, mi fuerte en el piano es el sentimiento. La ciencia la guardo para la vida.

LANE. Sí, señorito.

ARCHIBALDO. Y ya que hablamos de la ciencia de la vida, ¿te has acordado de preparar los sándwiches de pepino para lady Bracknell?

LANE. *(Presentándole una fuente.)* Sí, señorito.

ARCHIBALDO. *(Inspeccionándola, coge dos y se sienta en el sofá.)* ¡Ah!... A propósito, Lane: he visto en tu agenda que el jueves por la noche, cuando vinieron a cenar lord Shoreman y el señor Worthing, se consumieron ocho botellas de champán.

LANE. Sí, señorito; ocho botellas y media.

ARCHIBALDO. ¿Por qué será que en todas las casas de solteros son tan aficionados al champán los criados? Lo pregunto solamente a título de curiosidad.

LANE. Yo lo atribuyo a la buena calidad del vino, señorito. He observado una porción de veces que en casa de los hombres casados raramente es de primera el champán.

ARCHIBALDO. ¡Caramba! ¿Tan desmoralizador es el matrimonio?

LANE. A mí me parece un estado muy agradable, señorito. Claro que yo, hasta el presente, apenas lo he experimentado. No he estado casado más que una vez. Fue de resultas de una equivocación que tuvimos una joven y yo...

ARCHIBALDO. *(Displicentemente.)* No creo que me interese gran cosa tu vida doméstica, Lane.

LANE. Verdad, señorito. No tiene nada de interesante. Yo nunca pienso en ella.

ARCHIBALDO. Es natural. Bueno, Lane; puedes retirarte.

LANE. Muchas gracias, señorito.

LANE *sale.*

ARCHIBALDO. Las ideas de Lane sobre el matrimonio me parecen un tanto relajadas. Y, realmente, si las clases inferiores no nos dan un buen ejemplo, ¿para qué demonios sirven? Lo que es como clase, me parece que no tiene el menor sentido de responsabilidad moral.

*Entra* LANE.

LANE. ¡El señor Ernesto Worthing!

*Entra* JUAN. *Sale* LANE.

Fragmento de *La importancia de llamarse Ernesto*, de Oscar Wilde.

**PREGUNTA 3. Desenvolva un dos dous temas seguintes / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:**

**3.1. As artes escénicas en Galicia. Etapas históricas, características e autores / Las artes escénicas en Galicia. Etapas históricas, características y autores. (5 puntos)**

**3.2. A recepción de espectáculos escénicos. O público: concepto e tipoloxías / La recepción de espectáculos escénicos. El público: concepto y tipologías. (5 puntos)**

**PREGUNTA 4. Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se presenta, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo / Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)**

EDUARDO: Hai que recoñecer que valentía non lle falta.

DON EDUARDO: Valentía ou irreflexión? As cousas hai que as pensar un pouco.

EDUARDO: A ver, a túa medida do pouco ou do moito que hai que pensar as cousas non é moi de fiar.

DON EDUARDO: Pero que dis?!

EDUARDO: (*Sinalando os papeis.*) Cincuenta anos!

DON EDUARDO: Ah, xa. Xa. E outros cincuenta por se for preciso!

EDUARDO: Para que?

DON EDUARDO: Pois para... para estar seguro de...

EDUARDO: Outra vez! (*DON EDUARDO non dá contestado.*) Faille caso á moza, Eduardo. Quen non arrisca...

DON EDUARDO: E logo, non arrisco eu?

EDUARDO: Con que?

DON EDUARDO: Con esta aventura.

EDUARDO: A ver.

DON EDUARDO: A ver nada, Eduardo. Peréceche pouco risco querer buscarlle un novo horizonte á vella epopea céltica? Traela desde a noite dos tempos míticos e botala a navegar cara ao occidente, á procura dunha nova luz, dun novo rumbo histórico?

EDUARDO: Iso é retórica, Eduardo.

DON EDUARDO: Retórica, si. (*Recitando a definición.*) Arte do ben decir, de dar á linguaxe eficacia abondo para deleitar, persuadir ou conmover. Paréceche pouco risco pretender algo así afastándose do territorio coñecido da poética doméstica? Pensas que non arrisquei? Que non arriscaches?

EDUARDO: Eu?

DON EDUARDO: Ti, Eduardo, ti tamén, comezando este proxecto.

EDUARDO: Está ben, está ben. Pois arrisca agora rematándoo! Deixa que *Os Eoas* griten terra dunha vez, Eduardo!

DON EDUARDO: Terra?

EDUARDO: Terra, si. Terra. Conclúe por fin esta aventura!

DON EDUARDO: E non estou a punto, logo?

EDUARDO: Si, coma sempre.

DON EDUARDO: Coma nunca! Só que aínda non dei exactamente co punto.

EDUARDO: Ahh!

*DON EDUARDO colle un dos papeis da mesa e le, nun ton cada vez máis febril e descontrolado, acentuado polo in crescendo dos canteiros repicando na pedra.*

Fragmento de *Fillos do sol*, de Cándido Pazó.

Curso 2021-22 - Criterios de avaliación  
Artes Escénicas (código 51)

Valorarase situar correctamente a obra obxecto de análise no seu contexto histórico e literario e o dominio das artes escénicas, tanto no aspecto teórico como no deseño da posta en escena do fragmento de texto que se facilita no exame. Neste apartado terase en conta o coñecemento das particularidades das distintas fases necesarias para a montaxe dunha obra. É importante que o alumno saiba identificar, describir e analizar con rigor os diferentes elementos que integran o proceso necesario para a materialización dun espectáculo. Amáis terase en conta a capacidade de argumentación, a coherencia discursiva do relato e a creatividade nos plantexamentos que se fagan á hora de trasladar o texto á escena.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Asdo.: Xosé Soengas Pérez  
Director do Grupo de Traballo